CAPÍTULO CINCO


DIRECTRICES ESTRATÉXICAS E PROPOSTAS DE FUTURO

Consideracións xerais sobre a trazabilidade do proceso de reflexión estratéxico

No capítulo anterior abordouse a análise DAFO na que se sintetizaban os principais aspectos que condicionaban e caracterizaban a Vigo e a súa área de influencia desde a perspectiva do seu desenvolvemento socioeconómico e que se agruparon en diferentes bloques temáticos, tal como se representa graficamente no **cadro 5.1.** (na páxina seguinte).

Así, nos diferentes diagnósticos presentados recóllense os factores que con maior relevancia se pode dicir que inciden de xeito decisivo na actual e futura configuración territorial, económica e social de Vigo e a súa área de influencia.

A partir da síntese deses diagnósticos, o obxecto deste capítulo é presentar a modo de conclusións ou consideracións finais prácticas unha definición das directrices estratéxicas e propostas de futuro, sobre as cales se deberá basear a mellora do posicionamento e competitividade de Vigo e a súa área de influencia, tanto desde o punto de vista do incremento da calidade de vida da cidadanía e da oferta de servizos dispoñibles para a poboación, como das posibilidades de desenvolvemento da actividade empresarial e crecemento do tecido produtivo da área.


Formación e capital humano
Innovación e internacionalización
Territorio, infraestruturas e equipamentos
Contexto económico xeral e dinámca empresarial
Diagnóstico estratéxico
Sector automoción
Complexo mar-industria
Sector naval
Loxística e transporte
Construción e granito
Comercio, turismo e ocio

5.1.


Cohesión social e calidade de vida
Gobernanza e cooperación institucional
Mobillidade e infraestruturas
Directrices estratéxicas
Desenvolve-mento do tecido produtivo
Capacidade innovadora e globalización

Directrices estratéxicas e propostas de futuro

Neste epígrafe preséntanse as cinco directrices estratéxicas consideradas, en torno as cales se van presentar as propostas de futuro que se deberán poñer en marcha para promover e impulsar o desenvolvemento socioeconómico e empresarial de Vigo e a súa área de influencia nos próximos anos. As devanditas directrices, que se reflicten no **cadro 5.2.**, son:

- Cohesión social e calidade de vida.
- Mobilidade e infraestruturas.
- Capacidade innovadora e globalización.
- Desenvolvemento do tecido produtivo.
- Gobernanza e cooperación institucional.

A continuación, para cada unha desas cinco directrices, preséntanse unha breve descrición dos obxectivos e prioridades abordadas, así como un listado de propostas de futuro consideradas como necesarias para acadar eses obxectivos definidos no ámbito de Vigo e a súa área de influencia.

Cohesión social e calidade de vida

A cohesión social, entendida como a capacidade dunha sociedade para asegurar o benestar de todos os seus membros, reducir as desigualdades e evitar a marxinación, ten como obxectivo prioritario a busca da equidade e a xustiza social. Nese sentido, dentro desta directriz estratéxica teñen cabida todas aquelas propostas orientadas a fomentar unha maior calidade de vida e benestar da poboación da área, garantir o acceso aos dereitos fundamentais e ao emprego, atender á diversidade sen ningún tipo de discriminación, crear un sentimento de pertenza a unha colectividade ou comunidade ou promover o desempeño dun papel activo por parte da cidadanía no desenvolvemento social de Vigo e a súa área de influencia.

A mellora da calidade de vida dunha sociedade ven determinada pola capacidade do territorio para proporcionar aos seus membros maiores niveis de benestar en todas as facetas da súa vida, atendendo á creación de condicións favorables para satisfacer as súas necesidades materiais (comida e vivenda), psicolóxicas (seguridade e afecto), sociais (traballo, dereitos e responsabilidades) e ambientais (calidade do aire, da auga, contaminación acústica,…).

Por tanto, no ámbito desta directriz estratéxica deberán terse en conta propostas relacionadas, entre outros aspectos, cos ámbitos da formación e capital humano, a sanidade e os servizos sociais, a cultura, o deporte, a participación cidadá ou a xustiza.

Propostas de futuro

• Favorecer e mellorar a cualificación e capacitación profesional dos habitantes da área, especialmente de persoas desempregadas, co obxectivo de mellorar a súa empregabilidade.

• Recuperar espazos para paliar a carencia de dotación de centros de ensino público no centro da cidade de Vigo e intensificar as medidas que favorezan a conciliación da vida laboral e familiar.

• Impulsar un maior grao de adecuación e vinculación da oferta de estudos de Formación Profesional (ciclos medios e superiores) aos sectores estratéxicos do territorio, así como cara ás necesidades de cualificación de recursos humanos entre as empresas da área.

• Reforzar a internacionalización da Universidade de Vigo e promover simultaneamente un maior grado de involucración tanto coas necesidades empresariais do seu entorno como coa dinamización cultural e social.

• Promover a formación e o intercambio de experiencias intersectoriais no ámbito da xestión empresarial para acadar unha maior competitividade.

• Apoiar e reforzar as estruturas organizativas das entidades non lucrativas que traballan no ámbito social ante o incremento da poboación que se atopa en risco de pobreza ou exclusión social debido a caída dos seus ingresos.

• Acelerar a posta en marcha do novo hospital público de Vigo para dar asistencia sanitaria a toda a poboación da área de influencia de Vigo e do sur da provincia de Pontevedra coas mellores condicións para pacientes e profesionais.

• Promover políticas de proximidade que acheguen aos núcleos de poboación todos os recursos e servizos necesarios en contornos rurais ou fora dos cascos urbanos que permitan a interrelación e potencien a cohesión social.

• Optimizar e mellorar os servizos sociais para dar unha resposta eficaz ás necesidades da cidade e a súa área de influencia.

• Resolver o problema existente de falta de asistencia ás persoas maiores con discapacidade cando faltan os seus familiares ou coidadores.

• Habilitar centros que poidan cubrir as necesidades específicas asociadas a patoloxías como dano cerebral ou enfermidades neuromusculares, entre outras.

• Potenciar a integración de persoas con discapacidade en centros de ensino dispoñendo de persoal de apoio adecuado, e promover entre os empregadores medidas que faciliten a súa integración laboral.

• Consolidar e poñer en valor todo o entramado cultural existente en Vigo e o seu contorno e impulsar actuacións específicas para situar esta área como centro de referencia en canto á formación, creación e investigación no eido da cultura.

• Promover o interese pola ciencia e a cultura tanto no sistema educativo como na sociedade en xeral.

• Aumentar a dinamización social da cidade desde o punto de vista intercultural, interxeneracional, universitario,... aproveitando a importante labor de asociacións e entidades sociais en prol de cultura de base.

• Impulsar a participación cidadá e mellorar a coordinación na planificación e desenvolvemento da programación das actividades culturais para favorecer unha maior difusión e participación da poboación.

• Impulsar unha maior coordinación entre os diferentes axentes intervintes en orden a acadar un óptimo aproveitamento dos espazos públicos dispoñibles para o desenvolvemento de actividades culturais, deportivas e de ocio para o conxunto da sociedade.

• Establecer unha política de sostibilidade integral da área orientada á protección dos recursos naturais existentes na zona como base para o desenvolvemento de actividades económicas e sociais en Vigo e a súa área de influencia sostibles e comprometidas co coidado e o respecto ao medioambiente.

• Intensificar as medidas de saneamento e protección medioambiental da Ría de Vigo e toda a súa franxa costeira para mellorar a calidade ambiental das súas augas e potenciar unha maior biodiversidade no

ecosistema do conxunto da área, así como para protexer os recursos endóxenos naturais e paisaxísticos no contorno de Vigo e a súa área de influencia.

• Promover a posta en valor e protección de todo o patrimonio natural de Vigo e a súa área de influencia como factor diferencial para a xeración de valor engadido e incremento da calidade de vida dos habitantes da zona.

• Aproveitar as oportunidades que xera para o desenvolvemento da economía local a crecente importancia dos aspectos medioambientais e enerxéticos na xestión empresarial. Entre os beneficios desta directriz estarían non só os vencellados a cambios sociais e empresariais cara a hábitos de produción e consumo máis respetuosos co medioambiente senón tamén as externalidades positivas que se producen da relocalización de empresas con actividades medioambientalmente sensibles.

• Crear un ágora de innovación social, como un espazo físico orientado a estimular a integración entre ciencia, tecnoloxía, arte e sociedade para facilitar a convivencia e o impulso de proxectos multidisciplinares de artistas, tecnólogos, científicos e axentes vinculados ao terceiro sector. ❑

Mobilidade e infraestruturas

Dentro desta directriz abórdase a necesidade de desenvolver novas solucións sostibles no ámbito da mobilidade urbana e interurbana entre os diferentes núcleos de poboación que conforman a área de influencia de Vigo, así como de conexión con outras zonas xeográficas de Galicia, España e o resto do mundo. As sociedades modernas demandan unha alta e variada mobilidade, que precisa dun sistema de transporte complexo e adaptado ás necesidades sociais, que garanta os desprazamentos de persoas e mercancías dunha forma economicamente eficiente e segura pero, ao mesmo tempo, sometido as esixencias dunha nova racionalidade social e ambiental. Así, é preciso dispoñer dun sistema eficiente e flexible de transporte que proporcione patróns de mobilidade intelixentes e sostibles, partindo dunha adecuada planificación das redes de infraestruturas en función das características internas do territorio (orografía e características do terreo, núcleos de poboación...).

O desenvolvemento das infraestruturas de comunicación e sistemas de transporte público sostibles dentro da área de influencia de Vigo, contribuirían a solucionar problemas de conxestión e de estrés urbano (redundando en menores custes para as empresas e os cidadáns, con aforro de tempo e mellora da accesibilidade), reducir os índices de siniestralidade, diminuír a dependencia dos combustibles fósiles, baixar os niveis de contaminación ambiental e mellorar a calidade medioambiental da área, entre outros.

Por outra banda, ademais das infraestruturas de comunicación, nesta directriz deben acometerse unha serie de accións orientadas a complementar a oferta doutro tipo de instalacións e infraestruturas desde o punto de vista do ordenamento urbanístico, como poden ser tanto os relacionados co solo empresarial como coa edificación e a vivenda.

Propostas de futuro

- Impulsar o desenvolvemento dun plan de transporte público metropolitano que considere conxuntamente o transporte terrestre (por estrada e ferrocarril) e marítimo e que permita unha plena vertebración do territorio analizado e facilite a conexión directa dos principais núcleos urbanos da área coa cidade de Vigo, así como con aqueles puntos de especial importancia como parques empresariais e tecnolóxicos, a universidade de Vigo ou os hospitais, entre outros.

- Mellorar as infraestruturas de comunicación viaria da área a nivel interno, orientadas tanto a acadar unha maior accesibilidade aos núcleos urbanos como novas vías de circunvalación para evitar o tránsito a través dos propios centros urbanos e reducir os problemas de conxestión e saturación.

- Incrementar a oferta de servizos de transporte ferroviario a nivel interno na área de influencia de Vigo para favorecer

unha maior accesibilidade da poboación a esta modalidade de transporte interurbano.

• Demandar maior información acerca do estado real das infraestruturas e asegurar o compromiso de finalización, no menor tempo posible, das obras xa en marcha como a nova depuradora de Vigo, a estación de ferrocarril de Vigo, as obras do eixo atlántico e a conexión do AVE coa meseta ou a plataforma loxística industrial Salvaterra-As Neves (PLISAN), entre outras. Nesta liña, identificar e traballar o antes posible o apoio e financiamento futuro por parte da Unión Europea, do Estado e da Comunidade Autónoma daquelas actuacións prioritarias para o conxunto dos 19 concellos considerados.

• Mellorar a intermodalidade e a interoperabilidade, favorecendo unha maior accesibilidade e capacidade de conexión dos diferentes medios de transporte coas infraestruturas e instalacións do porto de Vigo.

• Estudar a conexión ferroviaria entre a terminal portuaria de Bouzas, a Zona Franca de Vigo, o Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo e a PLISAN.

• Demandar para o porto de Vigo a categoría de porto nodal tendo en conta, entre outros factores, que este será cabeceira dunha autoestrada do mar, o principal porto de pesca para consumo humano (fresca, conxelada e en conserva) de España, que canaliza a meirande parte das exportacións da Comunidade Autónoma de Galicia ou que é o porto galego de maior importancia en canto ao valor industrial da mercadoría movida.

• Reclamar a posta en marcha da autoestrada do mar entre Vigo e Sant-Nazaire, xa que o seu retraso incide negativamente na actividade e na competitividade de todo o territorio.

• Continuar coa mellora das infraestruturas de comunicación terrestres por estrada e ferroviarias co resto de Galicia e co exterior para incrementar as posibilidades de movemento de entrada e saída tanto de persoas como de mercadorías.

• Continuar coa mellora integral das comunicacións co Norte de Portugal, favorecendo un novo impulso das relacións económicas, sociais e culturais no interior da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

• Demandar un plan estratéxico aeroportuario de Galicia que garanta a optimización destas infraestruturas e a mellora do nivel de servizos ofertados aos viaxeiros, superando as diverxencias existentes para que poida ser aplicado.

• Promover, no marco do devandito plan e atendendo ás necesidades reais de Vigo e o seu contorno, unha maior oferta de rutas e conexións aéreas tanto a nivel estatal como internacional, para incrementar a operatividade do aeroporto de Peinador en canto a transporte de pasaxeiros e mercadorías.

• Superar a situación de bloqueo do planeamento urbanístico de moitos dos concellos da área obxecto de estudio, para o que será un factor importante o desenvolvemento da normativa urbanística que facilite o seu proceso de aprobación e o desenvolvemento dos plans xerais de ordenación municipal.

• Fomentar unha adecuada planificación e

xestión urbanística no ámbito do solo industrial, permitindo un desenvolvemento empresarial regulado e ordenado, que atenda ás necesidades actuais e futuras do sistema produtivo local. Ao mesmo tempo, promover a coordinación e cooperación entre os distintos axentes (administracións públicas e promotores privados) co obxectivo de mellorar a calidade dos parques empresariais e adecuar o prezo do solo ao contexto actual.

• Apostar pola mellora e normalización da vivenda no solo urbano e non urbano, adaptándoo ás normativas vixentes en materia urbanística.

• Solventar os problemas existentes para a construción da cidade da xustiza e iniciar as obras no menor tempo posible.

• Demandar a apertura dunha biblioteca pública do Estado na cidade de Vigo que amplíe a rede actual de bibliotecas.

• Crear un novo espazo que de resposta ás necesidades da sociedade en materia deportiva.

• Construír accesos mecánicos na cidade de Vigo que melloren a mobilidade e faciliten o acceso a puntos turísticos como o Castro. ❑

Capacidade innovadora e globalización

A innovación e a internacionalización forman un binomio dificilmente separable e, ao mesmo tempo, dunha importancia capital desde o punto de vista do deseño da estratexia e a xestión empresarial para garantir a competitividade do tecido produtivo da área nos mercados. No marco dunha crecente competencia entre núcleos urbanos, a capacidade innovadora e de participar no mercado global tamén son factores de capital importancia para lograr atraer investimentos e capital humano ao territorio.

A partir da identificación das capacidades internas e a análise da evolución das tendencias do mercado, os territorios a nivel xeral e as empresas en particular, son entendidos como centros de innovación e xestión do coñecemento que deben conxugar adecuadamente un posicionamento innovador cunha visión global do mundo como escenario de actuación que lles permita, por un lado incrementar o valor engadido da súa oferta (produtos, servizos, recursos,…) e, por outro, promover o seu crecemento económico e social.

No marco desta directriz estratética, as administracións públicas deben promover diversas actuacións que contribúan a mellorar as condicións da área, facillitando, por un lado, unha maior atracción de investimentos económicos e empresariais e captación talento e, por outra banda, evitar a deslocalización de capital humano e tecido produtivo cara a outras áreas xeográficas con maiores oportunidades de desenvolvemento profesional e competitivo, respectivamente.

Propostas de futuro

- Crear condicións e infraestruturas para conectar e favorecer a investigación e o desenvolvemento, promovendo Vigo e a súa área de influencia como un territorio de servizos e infraestruturas avanzadas.

- Xerar na sociedade unha maior sensibilización sobre a importancia da función da Universidade de Vigo como elemento dinamizador de transferencia de coñecemento adaptado ás necesidades do tecido empresarial e os sectores estratéxicos do territorio.

- Dar maior difusión e promoción dos obxectivos e actividades desenvolvidas polo Campus do Mar como Campus de Excelencia Internacional e o Instituto de Investigación Biomédica, así como das vantaxes que ofrecen, en particular en canto á captación e retención de talento.

- Estreitar a cooperación entre incubadoras de empresas e especializar a súa orientación (a modo de exemplo, cómpre mencionar a incubadora de empresas de tecnoloxía aeroespacial) para gañar visibilidade e financiadores privados e institucionais.

- Potenciar a coordinación da actividade dos diferentes centros tecnolóxicos existentes na área para acadar maiores sinerxías na aplicación da innovación e dispoñer de maior capacidade para o desenvolvemento de proxectos de I+D+i.

- Promover a creación e desenvolvemento de foros de innovación que favorezan a transferencia de coñecementos, experiencias e *know how* entre os diferentes axentes que actúan no ámbito do I+D+i na área.

• Apoiar a actividade realizada dende a importante rede de centros tecnolóxicos de referencia e asociacións empresariais da área e apostar pola creación de círculos de innovación multidisciplinares nos que participen conxuntamente tanto representantes do ámbito científico-investigador como do mundo empresarial e axentes de apoio tecnolóxico.

• Promover unha maior orientación do tecido empresarial local á participación en proxectos de I+D+i e internacionalización conxuntamente con outras empresas, para mellorar a súa capacidade innovadora e competitividade a nivel global.

• Incrementar as liñas de financiamento específicas por parte das administracións públicas para o apoio a actividades de I+D+i.

• Impulsar un maior achegamento da estrutura produtiva da área aos centros tecnolóxicos e universitarios para incrementar a capacidade de I+D+i e o desenvolvemento tecnolóxico.

• Potenciar o carácter estratéxico do porto de Vigo como elemento dinamizador das actividades de comercio internacional, tanto exportación como importación.

• Actuar en clave de área, de cidade metropolitana, para ter capacidade e visibilidade (masa crítica) suficiente para lograr ser competitivos en relación a outras áreas urbanas con maior crecemento nun contexto globalizado. Este contexto obriga ademais a traballar por unha boa relación institucional para acadar metas máis ambiciosas e establecer alianzas estratéxicas con outras áreas territoriais coas que se poidan identificar sinerxías.

• Incrementar o uso das TIC nas empresas a través da formación para favorecer a eficiencia das operacións e o acceso a novos mercados.

• Continuar apoiando a celebración de feiras internacionais, como Conxemar e a World Fishing Exhibition, posicionadas como certames de referencia a nivel internacional no ámbito do sector pesqueiro, ou Navalia, no ámbito da industria naval. A potenciación destes certames contribuiría a acadar unha maior divulgación e imaxe de Vigo e a súa área de influencia nos mercados exteriores.

• Desenvolver un plan de posicionamento e de marca propia de Vigo e a súa área de influencia que permita crear unha imaxe diferenciada e incrementar a capacidade da área para atraer investimentos, empresas e capital humano que contribúan a mellorar a produtividade e xeración de valor engadido do sistema produtivo local.

• Promover o establecemento de condicións favorables na área de Vigo que actúen como factores de atracción territorial para a localización de empresas externas e, asimismo, realizar un maior esforzo de promoción das potencialidades do territorio nos mercados exteriores para a implantación e desenvolvemento das súas actividades económicas e empresariais.

• Promover a presenza en feiras, congresos e eventos en mercados internacionais para o desenvolvemento de campañas de promoción da oferta de servizos e condicións da área para a captación de inversións empresariais e a atracción de capital humano. ❑

Desenvolvemento do tecido produtivo

O crecemento e consolidación do sistema produtivo de Vigo e a súa área de influencia está directamente vinculado, por un lado, coa súa capacidade para incrementar o seu nivel de competitividade no marco dunha economía globalizada e, por outro lado, coa iniciativa emprendedora e a capacidade de atopar novas oportunidades de negocio con potencial de crecemento e xeración de valor engadido. E en ambos casos, desempeña un papel clave como factor diferencial o nivel de cualificación profesional e capacitación do capital humano co que contan as empresas para executar as súas actividades.

Aínda que *a priori* poidan parecer termos excluíntes, o crecemento do sistema produtivo da área debe basearse ao mesmo tempo nun maior grado de especialización e nunha maior diversificación das súas actividades empresariais. Así, por unha parte, o desenvolvemento do tecido empresarial da área debe apoiarse no aproveitamento das competencias, *know-how* e experiencia acumulada en actividades empresariais relacionadas cos sectores estratéxicos tradicionais de Vigo e a súa área de influencia, os cales contan cunha favorable imaxe e posicionamento no mercado estatal e internacional (automoción, pesca, naval, granito, turismo…).

Por outro lado, trátase de promover a configuración dun sistema empresarial de Vigo e a súa área de influencia cunha estrutura e distribución sectorial máis equilibrada, reducindo o risco derivado da excesiva dependencia da evolución duns poucos sectores produtivos. Nese sentido, para que o proceso de diversificación deste tecido sexa viable e sostible é preciso detectar novos nichos de actividade cunha demanda crecente e aínda non cuberta, en especial, no ámbito dos sectores empresariais considerados estratéxicos de cara ao futuro.

Propostas de futuro

- Estimular a creatividade e a xeración de ideas innovadoras mediante o encontro de colectivos diversos que contribúan a creación de novas empresas e aumentar a iniciativa empresarial.

- Impulsar programas de formación para o desenvolvemento de capacidades e habilidades emprendedoras en orde ao crecemento e diversificación to tecido empresarial de Vigo e a súa área de influencia.

- Impulsar mecanismos que favorezan o desenvolvemento de actividades innovadoras de alto valor engadido que permitan mellorar a competitividade e diversificación do sistema produtivo de Vigo e a súa área de influencia a partir da transferencia de coñecementos e a capitalización de experiencia adquirida.

- Promover o desenvolvemento económico e empresarial da área desde unha formulación de crecemento endóxeno cunha visión a medio e longo prazo, reforzando os sectores estratéxicos da área e identificando as novas cadeas de valor con maior potencial de crecemento.

• Garantir, ante a problemática de deslocalización empresarial, a vinculación de mobilización de recursos públicos asociados ao compromiso de estabilidade da actividade produtiva.

• Potenciar a I+D+i nas actividades máis intensivas en coñecemento sobre as que xa existen fortalezas previas e planificar a oferta formativa vinculada a estas actividades.

• Difundir e apoiar as actividades desenvolvidas por centros tecnolóxicos como o Centro Tecnolóxico da Automoción de Galicia (CTAG), o Centro Tecnolóxico do Mar (Cetmar), a Asociación de Investigación Metalúrxica do Noroeste (AIMEN) ou a Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de peixe e de marisco (Anfaco-Cecopesca) e centros de investigación asociados á universidade como Gradiant, EnergyLab ou Atlantic, que poden liderar a aposta da área polas tecnoloxías limpas sobre a base de tecnoloxías transversais como a electrónica ou o *software*.

• Desenvolver entre as empresas locais estratexias competitivas orientadas á diferenciación (innovación, calidade, imaxe, servizo, tecnoloxía…) para manter a súa participación e posicionamento nos mercados internacionais e non perder cota de mercado en favor de competidores chegados de mercados emerxentes con importantes vantaxes en termos de custes.

• Apoiar unha crecente diversificación da industria auxiliar do sector da automoción para completar a oferta existente naquelas fases da cadea de valor menos desenvolvidas ou con maior demanda por parte da planta de PSA de Vigo, especialmente en compoñentes relacionados co desenvolvemento do vehículo eléctrico e compoñentes de mecánica avanzada.

• Intensificar o carácter internacional das empresas locais integradas no complexo mar-industria, tanto no ámbito extractivo e de acceso á materia prima como nos de produción/transformación e distribución/comercialización, garantindo a súa competitividade no marco dun mercado globalizado e de forte competencia internacional.

• Manter o proceso de especialización acadado polo sector naval en nichos de mercado orientados a fabricación de buques complexos, sofisticados e que incorporan alta tecnoloxía e xeran un maior valor engadido (buques *offshore*, quimiqueiros, sísmicos, oceanográficos, buques pesqueiros, plataformas e artefactos relacionados coa enerxía eólica mariña...).

• Valorar a reactivación e potenciación do subsector de reparación naval na ría de Vigo.

• Definir, con carácter de urxencia, mecanismos fiscais e de financiamento que resolvan a conxuntura de emerxencia xerada no sector naval polas carencias financeiras actuais derivadas da situación do procedemento do tax-lease e os problemas co fondo de garantía pymar.

• Aproveitamento do importante nivel de capital intelectual e *know-how* asociado ás actividades de loxística e transporte en Vigo e a súa área de influencia, favorecendo a capitalización da experiencia e o desenvolvemento de actividades innovadoras e xeradoras de maior valor engadido.

• Promover entre a industria do sector do

granito da área o desenvolvemento de estratexias de diferenciación en produtos elaborados fronte aos produtos competidores procedentes doutros países, favorecidos pola boa imaxe do granito de Porriño nos mercados internacionais, que supón un incremento do valor engadido percibido polo cliente.

• Demandar que na contratación de obra pública ou subvencionada con fondos públicos se esixa a todos os proveedores de pedra ornamental, con independencia da súa procedencia, o cumprimento dunha normativa homologada en materia medioambiental e de prevención de riscos laborais.

• Desenvolver medidas que apoien iniciativas colectivas do sector para mellorar aspectos relacionados co medio ambiente e coa prevención de riscos laborais.

• Deseñar un plan turístico conxunto para Vigo e a súa área de influencia que permita poñer en valor e aproveitar a ampla variedade e riqueza de recursos naturais, paisaxísticos, gastronómicos, culturais e patrimoniais existentes na área.

• Apoiar a consolidación do turismo de cruceiros e do turismo náutico como segmentos do mercado turístico con maior potencial de crecemento nos próximos anos para Vigo e a súa área de influencia.

• Impulsar unha maior diversificación da oferta cultural e de ocio da área como complemento para as actividades turísticas e comerciais, apoiada na dispoñibilidade de novas infraestruturas como o Pazo de Congresos Mar de Vigo, entre outras.

• Incrementar o esforzo realizado en canto á promoción turística da área, para lograr unha visibilidade e capacidade de comercialización de Vigo e a súa área de influencia como destino turístico de calidade.

• Apoiar a posta en marcha de novos proxectos empresariais e da dinámica emprendedora relevantes no ámbito de sectores estratéxicos de futuro, con posibilidade de aplicacións específicas para o desenvolvemento de oportunidades de negocio que incrementen o valor engadido da oferta existente en moitas das actividades industriais e produtivas de Vigo e a súa área de influencia (industria agroalimentaria e de produtos do mar, automoción, medio ambiente,…). ❑

Gobernanza e cooperación institucional

Desde a perspectiva da xestión pública, esta directriz pretende mellorar a calidade da gobernanza e promover o desenvolvemento de liderados responsables no sector público. Así, en materia de gobernanza, as propostas de futuro deberán basearse nunha adecuada planificación dos roles e funcións das administracións públicas e as diferentes escalas do modelo territorial (local, autonómico, estatal, europeo) para mellorar o funcionamento institucional e acadar un maior grado de interacción entre os seus distintos niveis. Nesa liña, as actuais circunstancias económicas e sociais están a contribuír a crear unha visión compartida por toda a sociedade sobre a necesidade de racionalizar a dimensión e número de estruturas institucionais existentes, diferenciar os ámbitos de actuación de cada unha delas e evitar as duplicidades en aras de lograr unha maior eficiencia na xestión dos recursos públicos.

Dentro desta directriz, tamén se deben considerar aquelas propostas orientadas a definir mecanismos de colaboración e participación conxunta entre as diferentes institucións e administracións públicas (de igual ou distinto nivel dentro das escalas do modelo territorial) para promover o desenvolvemento dunha cooperación institucional sólida e eficaz.

Por outra banda, tamén se debe ter en conta a crecente importancia do papel desempeñado por actores sociais non gobernamentais en xeral, e dos movementos sociais e cidadáns en particular. Así, tamén é preciso afondar nos mecanismos de interacción das administracións públicas coas organizacións privadas ou da denominada sociedade civil para contribuír a un maior achegamento entre as necesidades e demandas da cidadanía e a sociedade en xeral e as prioridades da función pública e institucional.

Propostas de futuro

- Reforzar mecanismos de participación cidadá en orden a unha democracia participativa onde as propostas e valoracións da sociedade en xeral e de colectivos específicos sexan tidos en conta e incorporados aos procesos de acción política e institucional.

- Desenvolver estratexias de colaboración mediante a implicación e coordinación das diferentes administracións públicas e axentes sociais e económicos de todos os concellos que integran a área de influencia de Vigo.

- Impulsar procesos de reestruturación do actual mapa de competencias, servizos e organismos dependentes das administracións públicas para eliminar duplicidades e acadar unha maior racionalización e aproveitamento dos recursos públicos.

- Impulsar a coordinación entre todas as administracións implicadas no desenvolvemento da Lei da Área Metropolitana de Vigo para que as funcións e competencias que lle corresponden poidan ser executadas en beneficio do conxunto da sociedade de Vigo e a súa área de influencia.

• Potenciar unha maior sensibilización sobre o papel da área metropolitana de Vigo como instrumento necesario para ter capacidade, potencia e visibilidade (masa crítica) suficiente para poder ser competitivos en relación con outros territorios.

• Potenciar a coordinación institucional e a posta en marcha de iniciativas conxuntas para impulsar e consolidar o desenvolvemento da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal como un eixe con enormes sinerxías que poden contribuír a unha mellor integración social e económica da área. ■